

CONSULTA PUBLICA NA PAXINA WEB MUNICIPAL

ORDENANZA SOBRE REGULACIÓN INTEGRADA DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS, APERTURA DE ESTABLECEMENTOS E DESENVOLVEMENTO DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS NO CONCELLO DE BETANZOS.

Dona María Barral Varela, alcaldesa-presidenta do Concello de Betanzos, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vista a necesidade de aprobar unha Ordenanza municipal sobre regulación integrada de actividades económicas, apertura de establecementos e desenvolvemento de espectáculos públicos e actividades recreativas, e visto o Plan Normativo Municipal para o ano 2018 aprobado por acordo plenario do mes de decembro do ano 2017 no que recolle esta ordenanza no apartado de ordenanzas de nova creación.

Por providencia da alcaldía de data 14/02/2019 iniciouse o correspondente expediente para a aprobación dunha Ordenanza municipal sobre regulación integrada de actividades económicas, apertura de establecementos e desenvolvemento de espectáculos públicos e actividades recreativas.

O informe xurídico da secretaría municipal de data 14/02/2019 sinala que o artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, establece que previamente á elaboración do proxecto de regulamento/ordenanza realizarase unha consulta pública a través da páxina web municipal para recabar a opinión dos posibles afectados pola norma sobre: os problemas a solucionar, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma, e as posibles solucións alternativas.

En consecuencia, DISPOÑO:

Que se proceda a publicar na páxina web municipal o correspondente anuncio xunto co borrador do proxecto de ordenanza inicialmente redactado, para que durante un prazo de 15 días naturais, calquera interesado poidan consultalo e presentar suxerencias ou opinións ao respecto, entre outras, sobre os problemas que a ordenanza trata de solucionar, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma, ou no seu caso as posibles solucións alternativas.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A alcaldesa
María Barral Varela